

**Jaroslav Hasek : “Osudy dobrého vojáka Švejka”
(Aventuras do valente soldado Švejk)**

...Os preparativos para matar á xente sempre se levaron a cabo no nome dun deus ou dun altísimo ser hipotético que os homes inventaron e crearon na súa fantasía. Os antigos fenicios antes de cortarlle o pescozo a algún prisioneiro celebraban una especie de rito sagrado, do mesmo xeito que uns milenios máis tarde o fixeron as novas xeracións antes de iren á guerra e torturaren e mataren os seus inimigos. Só cambiaron os deuses.

Os caníbales da Guinea e da Polinesia antes de devoraren solemnemente os seus prisioneiros-xente inútil como misioneiros, viaxeiros, corredores de diversas empresas comerciais ou simples curiosos- ofrecíanlles aos seus deuses executando os máis variados rituais relixiosos. Como eles descoñecían o noso requintado ornato, engalanaban pernas e brazos con coroas e vistosas plumas de paxaros da selva.

En toda Europa os homes ían ao matadoiro como os años, sen daren una queixa, dispostos a morrer por defender a reis ou emperadores carniceros, acompañados sempre por sacerdotes de todas as confesións, que lles facían xurar que morrerían polo caudillo que fose.

Na execución de delinquentes, desertores ou prisioneiros os sacerdotes sempre prestaron a súa colaboración importunando coa súa presenza aos reos.

En Prusia un pastor acompañaba sempre os desgraciados á forza. En Austria un sacerdote católico levabaos ao patíbulo e , en Francia, á guillotina. En América lévaos un pastor á cadeira eléctrica, e, en España, a unha cadeira no que son estrangulados cun instrumento bestial.

A todos os lados ían os curas co crucifixo dicíndolles a aqueles homes, que, se cadra xa foran terriblemente torturados durante días ou meses, algo así “a ti só che cortarán o pescozo, ou te colgarán, ou te estrangularán, ou che soltarán 20000 voltios, pero pensa no que Cristo tivo que sufrir...etc.

O gran matadoiro da Guerra Mundial non puido prescindir da bendición sacerdotal. Os capeláns castrenses de todos os exércitos rezaban e celebraban misas de campaña pola vitoria do partido que lles daba de comer

Nada cambiou desde a época na que o bandoleiro Adalbert, ao que despois a igrexa fixo “santo”, colaborou no exterminio dos eslavos do Báltico coa espada nunha man e a cruz na outra.